

XERA-Tecno 2024

Axudas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento,
mobilización e comercialización de produtos forestais

IN500A

(Nota: esta presentación non ten vinculación legal, sendo as bases da convocatorias aquelas que dispoñen de tal condición)



Características xerais de XERA-Tecno 2024

- ❑ **Orzamento e réxime da convocatoria:** 5 M € (bianualización 2024-25, concorrencia competitiva).
- ❑ **Beneficiarias:** PEMEs do sector forestal radicadas en Galicia que realicen investimentos en zonas rurais dentro do ámbito territorial do PDR 2014-2020 (anexo XV).
 - * Deberán estar inscritas no **RESFOR** e cos datos actualizados, de acordo co artigo 102 da Lei 7/2012 de montes de Galicia.
- ❑ **Importe da axuda:** 40% dos gastos elixibles, ata un máximo de 200.000 € (en función da axuda)
- ❑ **Liñas:** cada persoa solicitante poderá presentar unha solicitude de axuda dirixida a unha única liña
 - Liña 1: Xestión forestal activa (axuda máxima 200.000 €)
 - Liña 2: Madeira e biomasa (axuda máxima 150.000 €)
 - Liña 3: Castaña e resina (axuda máxima 50.000 €)
 - Liña 4: Valor engadido e 1ª transformación da madeira (axuda máxima 200.000 €)
 - Liña 5: Plans e ferramentas de xestión empresarial (axuda máxima 50.000 €)
- ❑ **Prazo de xustificación:** ata o **15/12/2024** (anualidade 2024) e ata o **30/06/2025** (anualidade 2025).

Novidade

Os investimentos deben ser **NOVOS**, non poderán estar executados antes da publicación da convocatoria e non se poden iniciar/usar antes de presentar a solicitude de axuda nin antes de que se realice a inspección correspondente (art. 12). Non terán a consideración de iniciados os investimentos con **pagos feitos a conta** para a súa reserva ou planificación da súa fabricación realizados entre o 01.01.2024 e o 19.08.2024.



Investimentos subvencionables

▶ Liñas 1: Xestión forestal activa

- Procesadoras, taladoras e outros equipamentos de corta destinados á realización de cortas intermedias (desbastes e rareos), así como as súas adaptacións e implementos.
- Autocargadores e tractocargadores completos, así como as súas adaptacións e implementos para a realización de carga e transporte dos produtos obtidos en cortas intermedias.

▶ Liña 2: Madeira e biomasa

- Equipamentos de medición de masas forestais.
- Acondicionamento e instalacións de parques intermedios de rolla e biomasa.
- Autocargadores, arrastradores forestais e tractocargadores completos, así como as súas adaptacións e implementos.
- Procesadoras, taladoras e outros equipamentos de corta, así como as súas adaptacións e implementos.
- Maquinaria específica, apeiros e implementos que permitan un aproveitamento comercial da biomasa forestal no monte, asteladoras con capacidade de recollida, empacadoras, colleitadoras ou procesadoras de biomasa.

▶ Liña 3: Castaña e resina

- Maquinaria específica, equipamentos, apeiros e implementos que permitan un aproveitamento comercial da castaña ou da resina no monte.
- Acondicionamento e instalacións de parques intermedios de almacenamento e/ou clasificación.
- Bens de equipo e instalacións en empresas en empresas de recollida, manexo, clasificación, acondicionamento e comercialización de castaña ou resina.



Investimentos subvencionables

▶ Liñas 4: Valor engadido na primeira transformación da madeira

- Equipos portátiles para a clasificación estrutural da madeira por métodos non destrutivos.
- Maquinaria e instalacións de 1ª transformación destinadas á clasificación automática da madeira estrutural mediante aspectos visuais ou indirectos.
- Maquinaria e instalacións de 1ª transformación destinadas á clasificación automática da calidade tanto da materia prima (truncos) como de produtos serrados intermedios ou finais, mediante a aplicación de escáneres de imaxe, dimesionais, raios X e outros.
- Maquinaria e instalacións de 1ª transformación destinadas á obtención de produtos de maior valor engadido baseados na madeira serrada que permita abrir novas liñas de negocio.
- Acondicionamento, maquinaria e instalacións de 1ª transformación para o procesamento da biomasa forestal e a transformación da madeira.

▶ Liña 5: Plans e ferramentas de xestión empresarial

- Implantación, e de ser o caso certificación, da cadea de custodia de madeira certificada e/ou normativas de calidade ou garantía, mercado CE e plans de mellora de xestión empresarial.
- Implantación e certificación, se procede, na empresa de ferramentas de xestión empresarial específicas da actividade forestal para o control de custos, calidade e mantemento.



Criterios de baremación A+B (máx. 400 puntos, min. 200 puntos) > declaración responsable

A) Puntos segundo o obxecto do investimento (máx. 200 puntos)

Puntos

Plans e ferramentas de xestión empresarial	150
Equipamentos de medición de masas forestais ou equipos portátiles de clasificación	200
Acondicionamento e instalación en parques intermedios de recursos forestais	150
Tractocargadores completos, autocargadores, arrastradores e outros equipamentos de saca de madeira	150
Procesadoras forestais e cortadoras	150
Equipamentos completos e implementos que permitan un aproveitamento comercial dos recursos forestais	150
Maquinaria e instalacións de primeira transformación de recursos forestais	150
Investimentos en bens de equipamento de empresas de aproveitamentos dos recursos forestais	150
Cabezais de procesado que inclúan elementos de corte	100
Implementos forestais de maquinaria de desembosque	80



Crterios de baremación A+B (máx. 400 puntos, min. 200 puntos) > declaración responsable

B) Puntos segundo as características da empresa e finalidade do investimento (máx. 200 puntos)

Puntos

Por cada actividade formativa (duración mínima: 20 h) realizada por persoas traballadoras da solicitante desde o 01.01.2021 (max. 3 actividades)	15
Empresas establecidas na zona demarcada polo nematodo do piñeiro	40
Empresas establecidas na zona demarcada polo nematodo do piñeiro e cuxa finalidade da inversión sexa dotarse de tecnoloxía necesaria para a aplicación de medidas de control	20
Por cada certificado de cadea de custodia (máx. 2 sistemas)	20
Empresas con muller xerente	35
Empresas con xerente menor de 55 anos ou descendente en activo na empresa	30
Por pertenza a unha asociación profesional do sector	20
Para a liña 1, cando o volume anual de facturación por prestación de servizos 2022-23 represente cando menos o 50%	150
Para a liña 4, empresas con marcado CE para madeira estrutural	50
Para a liña 4, empresas que dispoñan da marca de garantía “Pino de Galicia”	50



Reserva de crédito

▶ Crédito orzamentario

O crédito total ascende a 5.000.000,00 €, por importe de 2.670.613,00 € no ano 2024 e de 2.329.387,00 € no ano 2025 cofinanciadas co fondo FEADER no marco de Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

▶ Distribución inicial de crédito

Co fin de reservar un crédito mínimo en cada liña declarada, establécese unha distribución inicial de crédito:

- Liña 1: 20 %.
- Liña 2: 50 %.
- Liña 3: 8,5 %.
- Liña 4: 20%.
- Liña 5: 1,5 %.

No caso de que, unha vez priorizados os expedientes solicitados, non se consuma a totalidade do importe do crédito reservado para cada liña, os importes sobrantes pasarán ás demais para facer fronte aos expedientes solicitados, tendo prioridade as liñas 1 e 4.



DOG

Bases e convocatoria >>

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240819/AnuncioG0520-300724-0001_gl.html DOG nº 158, luns 19 de agosto de 2024



Máis información



xera.cei@xunta.gal



@XERAAxenciadaindustriaforestal



www.xera.xunta.gal



@XERAindustriaforestal



@xera.xunta



Presentación de solicitudes en sede electrónica ata o 19/09/2024 >>

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN500A&ano=2024&numpub=1&lang=es>

Documentación mínima para a admisión da solicitude: anexo I, anexo IV e 3 orzamentos asinados dixitalmente. No caso de investimentos contemplados na **listaxe de prezos máximos de axuda** do anexo XVI, non é necesario presentar orzamentos **Nova**



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL